



CONCELLO DE REDONDELA

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE  
TRASMAÑÓ, CELEBRADA O 1 DE XULLO DE 2014**

No Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó, sendo as vinte horas e trinta minutos do día un de xullo de dous mil catorce, baixo a Presidencia da concelleira ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, queda convocada automaticamente a sesión para media hora máis tarde pola falta do quorum necesario para a súa válida constitución (segundo o establecido no artigo 12 do "Regulamento dos Consellos Municipais Territoriais, Consellos Municipais Parroquiais", publicado no Boletín de Pontevedra con data 12 de xuño de 2.000). As vinte e unha horas, habendo o quorum necesario (un terzo do número legal de membros do Pleno do Consello parroquial coa asistencia do Presidente e do Secretario) da comezo a sesión coa asistencia, ademáis, dos seguintes membros:

**GRUPOS POLITICOS:**

PSOE – DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

PP – MARIA JOSÉ BARCIELA BARROS

B.N.G. - XABIER BALSAS BARBEIRA en substitución de don JOSÉ LUIS GRANDE GRANDE, designado polo grupo político mediante solicitude presentada polo Rexistro Xeral do Concello de Redondela de data 30 de xuño de 2014 e con núm. de entrada 10.416.

**ASOCIACIÓNS CULTURAI:**

ALVARO RICÓN GONZÁLEZ

JOSÉ RICARDO EXPÓSITO ALONSO

**COMUNIDADE DE MONTES:**

FERNANDO MAGDALENA RODRIGUEZ

FERNANDO MAGDALENA BLANCO

JOSÉ LUIS RIOBÓ GIL

AVELINO ALONSO CRUZ



CONCELLO DE REDONDELA

**NON ASISTIRON:**

Don LUIS ANTONIO MEDAL FIEL, representante de A.E.R.

Don EMILIO PARADA COVELO, representante das Asociacións Culturais.

Dona ANA SANTOMÉ SANTOS, representante das Asociacións Culturais.

Dona CARMEN CABALEIRO LAGO, representante das Asociacións de Mulleres.

MARIO SÁNCHEZ ÁLVAREZ, representante da Comunidade de Augas.

Don JESÚS BAMBA VÁZQUEZ, representante da Comunidade de Augas.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ ALVAREZ, representante das Asociacións Deportivas.

**INCIDENCIAS.-**

Aberta a sesión pola Presidencia, comezase co primer punto do orde do día que é a aprobación da acta anterior (celebrada o día 12 de marzo de 2014), sendo aprobado por unanimidade.

A continuación pásase ao punto seguinte que é o de "Concretar os destinos dos orzamentos participativos correspondentes ao exercicio 2014."

Antes faise unha pequena valoración das propostas e suxerencias da anterior convocatoria:

- Da Asamblea Veciñal celebrada co Sr. Alcalde o día 1 de abril de 2014 din que non se aclarou nada respecto a situación do "Centro de Día" de Trasmañó e os presentes solicitan a concelleira de Limpeza Viaria e Parques e Xardíns que se limpa o seu recinto xa que é o único centro deportivo da parroquia.
- A Concelleira M<sup>a</sup> Xosé insiste en que por parte de Alcaldía o Concello vai quitar un Bando co obxectivo de que se limpe tódalas fincas que linden ca estrada nun radio de 4 metros.
- Hai dúas propostas nas que a Presidencia insiste en que as teñen que arranxar a Comunidade de Montes de Trasmañó xa que é competencia deste organismo:



## CONCELLO DE REDONDELA

- \* Colocación de iluminación pública no Camiño da Lagoa ata a área recreativa de Trasmañó a Cedeira.
  - \* Colocación dun valado de madeira (solo polo lateral) na área recreativa do Parque Forestal na Estrada de Trasmañó a Cedeira
- As seguintes propostas xa se levaron a cabo:
    - \* Arranxo dun buraco causado polo temporal no Senda da Auga.
    - \* Colocación de sinais de “ceda ao paso” na Carretera Vella (no Río Frío) onde remata a ponte.
  - Respecto a proposta de AER de publicar as actas no Centro Cultural, a Presidencia di que se colocarán as actas aprobadas no taboleiro de anuncios de dito Centro na seguinte sesión que se celebre unha vez aprobadas e a publicación na páxina web xa está en mans dos Coordinadores Xerais dos Consellos Parroquiais do Concello de Redondela.

A continuación, a Presidencia di que se van a destinar á parroquia de Trasmañó 13.000 euros en concepto de orzamento participativo, dos cales 5.000 euros van a ser para colocar 3 quitamedos. Estos son os de:

- a) O de Fondón.
- b) O do Camiño das Laxes
- c) O da Curva da Tol

E para os 8.000 euros restantes, hai varias propostas:

Por parte da concelleira M<sup>a</sup> José propónse abrir o Camiño do Poste ou da Moraliña. Con esta cantidade iniciárase o proxecto e o resto correría a cargo do Concello. Proposta que consideran máis adecuada.

O resto de asistentes fan outras propostas:

- a) Tratar de millorar o Cruce da Saída da Traída.



## CONCELLO DE REDONDELA

b) Por un banco na zoa do "Pastor". A concelleira M<sup>a</sup> Xosé di que iso pode supor un problema se ven un camión.

Por último, pásase ao derradeiro punto da orde do día que é o de Varios, aquí os diferentes membros fan as seguintes suxerencias:

\* Arranxar a iluminación do Camiño da Rata.

\* Limpeza xeral dos camiños da parroquia, en especial, o camiño que vén de Cedeira. A concelleira de Limpeza Viaria di que pasará nota ó Concelleiro de Vías e Obras para que veña o persoal do Concello co tractor.

\* Insisten en que se busque unha solución por parte do Concello para que adquiran una finca privada (detrás da marquesina) para que se poida facer unha rotonda para que os vehículos de transporte público da empresa VITRASA poidan dar volta e así fagan o recorrido máis amplo.

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, exténdese a presente acta, da que, como Secretaria, DOU FE.-

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

M<sup>a</sup> BELÉN RODRÍGUEZ LÓPEZ